

Memoria descriptiva e gráfica do EDLG do IES de Carral 2021/22

SE SE REPITE O XACOBEO, POR QUE NON REPETIRMOS OS...



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

EDLG do IES de Carral

Índice

3 Introducción


4 Consecución dos obxectivos previstos

5 Cambios realizados con respecto á
programación inicial

6 Memoria gráfica e descritiva das
actividades realizadas

28 Propostas de mellora para proxectos
futuros

Introdución



(Páxina web da CRTVG o día que comezaban os 21 días co galego e + 2022)

Este curso 2021/22 era un momento de cambio no IES de Carral, concretamente no EDLG. Desde que no 2015 comezara o centro a súa andaina, cambiaba o coordinador do EDLG e boa parte do equipo de profesores e alumnado que o compuñan.

Unha feliz circunstancia, unha maternidade, impediu que se realizase ese cambio en toda profundidade, que agardemos se acometa a partir do curso 2022/23. En todo é necesario que cheguen aires novos e xente con proxectos e ideas novidosas. E desde logo para promover a normalización e difusión da lingua galega fanse moi necesarios eses aires de renovación.

Eis a razón pola que este curso 2021/22 foi un curso de continuidade. E continuidade tivo o noso traballo, sendo o proxecto máis ambicioso a repetición dos “21 días co galego e +... desde Carral”. Non foi fácil realizar o proxecto sen o amparo da Secretaría Xeral de Política Lingüística e todo o aparello organizativo dos 21 días.

Continuidade tamén na colaboración do EDLG con todos os estamentos do centro, Departamentos, Biblioteca, Equipo directivo... e con institucións da contorna como o Concello de Carral e outras que engadimos como a Asociación de Custodia do Territorio “Río Brexa”.

E, finalmente, continuidade na difusión das nosas campañas polos medios habituais que imos pouco a pouco consolidando, como o -site Carralengalego ou a nosa web. Importante foi, neste sentido, a axuda do Concello que si emprega redes sociais como Facebook que axudaron a difundir as colaboracións conxuntas.

Agardemos, pois, que no vindeiro curso esta continuidade nos aspectos positivos se vexa renovada en ideas e proxectos que lle dean novos folgos ao EDLG do IES de Carral e ao uso do galego pola rapazada.

Consecución dos obxectivos previstos

En xeral, cumprimos bastante ben cos obxectivos previstos. Na primeira parte do curso aínda tivo unha presenza importante a COVID, coas dificultades que implicaba para a realización de actividades; aínda así cumprimos a primeira parte da nosa programación e asistimos a obras de teatro, celebramos o Samaín ou o Entroido, se ben con máscaras.

O uso do galego nas actividades complementarias e extraescolares foi importante. Agás naqueles proxectos do Departamento de Castelán ou de linguas estranxeiras. Cartelería, concursos, desenvolvemento da actividade, foi en xeral na nosa lingua; este ano mesmo se viu incrementado no apartado musical polo triunfo a nivel estatal das Tanxugueiras, o que supuxo unha mellor recepción da nosa música por parte de alumnado ao que habitualmente non chegaba.

Seguimos a destacar a colaboración co Concello, vital este ano para a repetición dos 21 días co galego, e no 2022 con un programa cheo de actividades por se cumprir o XXV aniversario do Premio de Poesía Concello de Carral. Así mesmo tamén incrementamos a relación co CEIP Vicente otero Valcárcel e co CEIP de Tabeaio. Retomamos o intercambio co IES de Cacheiras e co Concello de Teo, paralisado desde hai uns cursos pola COVID. E, na contorna de Carral, comezamos unha proveitosa relación coa Asociación de custodia do territorio “Río Brexa”.

A renovación de ideas e traballos novos agardamos que se produza no vindeiro curso.



imaxe do entroido rosaliano

Cambios realizados con respecto á programación inicial



1. Coordinación do EDLG

O máis relevante sería que debido á ausencia da coordinadora do equipo ao estar de baixa, non realizamos todas as reunións periódicas que tería sido conveniente e o EDLG funcionou coa boa vontade dos seus integrantes, colaboración alleas e un pouco por inercia.



2. Material en galego

Deixamos sen facer a análise de material en galego que podería precisar o profesorado para as súas materias. É un bo curso o vindeiro para retomalo, pois cos cambios legais teremos novas materias en 1º e 3º da ESO e no seguinte curso en 2º e 4º.



3. Cuestionarios

Dado que o curso anterior realizamos os inquéritos sobre o uso do galego coa realización dos 21 días co galego e +, deixamos este curso sen actualizar os datos, pois son moi recentes.

Teñamos en conta que tamén, o curso pasado, redactamos de novo o noso Proxecto Lingüístico de Centro.

Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas

ACTIVIDADE 1 – BIBLIOTECA DE TEATRO EN GALEGO

1.1. Compra de fondos de libros de teatro.

En colaboración co Equipo de Biblioteca incrementáronse de maneira notable os fondos de teatro da biblioteca. Víase a necesidade de empregalos tanto nos dous Clubs de Lectura como nas aulas do Departamento de Lingua Galega. En 3º da ESO realizaron un proxecto titulado “Facer teatro non é un drama”.

1.2 Animación a acudir ao Ciclo de Teatro de outono do Concello de Carral.

Así mesmo, en colaboración co Concello de Carral, animouse ao alumnado a asistir ás representacións teatrais do Ciclo de Teatro de outono que hai no concello: Pepo Suevos, “Falade galego, rapazada... é unha pasada”, ademais abordaba o tema da lingua como elemento principal.



Imaxe do Concello promovendo o Ciclo de teatro de Outono e do Cartel da obra de Pepo Suevos

Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas

ACTIVIDADE 1 – BIBLIOTECA DE TEATRO EN GALEGO

1.3 Representación da Vida de Rosalía de Producións dispersas.

Finalmente, temos que destacar a visita ao noso centro do grupo teatral “Producións dispersas” que representou varios fragmentos da vida de Rosalía de Castro. Esta visita enmarcouse dentro das colaboracións do concello co centro con motivo dos XXV anos do premio de poesía.

Ligazón: <https://sites.google.com/u/0/d/1RrgAxY1r-5maVa02sbNezh0gWVSn5MBV/p/1ot6AuZJRnYQ5axnwsfFt8JfDIpEIQypS/preview?authuser=0>

Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas


ACTIVIDADE 2 – SEMPRE EN GALEGO, EN GALEGO DE SEMPRE

2.1 Celebración do Samaín.

Lectura do esconxuro, relatos de medo e concurso de máscaras.

Con motivo desta festividade, o alumnado enviou gravacións de relatos orais, que están recollidos na seguinte ligazón:

Carralengalego - SAMAIÑ 2021 (google.com)



Ligazón: https://sites.google.com/u/0/d/1RrgAxY1r-5maVa02sbNezh0gWVSn5MBV/p/1Xds3_wofINqzQGp5feww4Gs-IEDoZes1/preview?authuser=0



2.2 Concurso de Fotos de Outono

Organizado polo Departamento de Actividades Extraescolares.




Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas

ACTIVIDADE 2 – SEMPRE EN GALEGO, EN GALEGO DE SEMPRE

2.3 Concurso “Di non á violencia de xénero. Dígocho eu!”.

En colaboración co Concello de Carral, realizamos un concurso de vídeos contra a Violencia de Xénero. Ademais, unha representación do alumnado foi ler o manifesto contra a Violencia de Xénero no Campo da feira do Concello.



Ligazón: <https://sites.google.com/u/0/d/1RrgAxY1r-5maVa02sbNezh0gWVSn5MBV/p/1wJ5xVvkHspjo18jxYITLwJLKQ2mylcxp/preview?authuser=0>

2.4 A Candeloria

Celebración do día dos namorados en Galicia que coincide co 2 de febreiro.

Realizamos un concurso de camisetas con lemas amorosos.

Ligazón: https://sites.google.com/u/0/d/1RrgAxY1r-5maVa02sbNezh0gWVSn5MBV/p/1DOctBYJchbPk_BXzPLQqSVbfbkSzuvWzb/preview?authuser=0



Deseño presentada ao concurso

Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas

ACTIVIDADE 2 – SEMPRE EN GALEGO, EN GALEGO DE SEMPRE

2.5 Entroido rosaliano

Aproveitando que o día de Rosalía cadraba na semana do entroido decidimos facer unha celebración conxunta, poñendo como tema dos disfraces a Galiza do século XIX




Imaxes do entroido no IES de Carral

2.6 Co cine galego

Visita ao noso centro do director Xosé Zapata para falarnos da curta de animación *The monkey*, coa que pouco despois gañaría o premio Goya.

Exhibición do documental “A Virxe Roxa” dentro da programación dos 21 días co galego e +... desde Carral na Casa da Cultura do Concello.

Cartel da curtametraxe



Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas

ACTIVIDADE 3 – 176 ANIVERSARIO MÁRTIRES DE CARRAL

3.1 Regreso do intercambio co IES de Cacheiras

Despois dos anos de pandemia, puidemos retomar esta actividade na que colaboramos dous institutos (IES de Cacheiras e IES de Carral) e os dous concellos en que se ubican (Teo e Carral). Serve para rememorar o alzamento de 1846 e o fusilamento dos coñecidos como Mártires de Carral. Momento histórico elixido polo galeguismo como símbolo do seu nacemento.

Ruta da Batalla de Cacheiras

Ruta dos Mártires de Carral

Lectura de poemas de Eduardo Pondal, Francisco Tettamancy ou Uxío Carré Aldao.



CARRAL - 25 DE ABRIL DE 2022

10:20 - Recepción do Concello no Campo da Feira

10:30- Inicio da ruta dos Mártires

11:15 - Lectura de poemas no cemiterio

12:00 - Ofrenda floral no monumento aos Mártires e interpretación do himno galego

12:15 Regreso ao Concello e aperitivo.

Programa do intercambio no Concello de Carral

**INTERCAMBIO CACHEIRAS -
CARRAL 2022**

Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas


ACTIVIDADE 3 – 176 ANIVERSARIO MÁRTIRES DE CARRAL

3.2 Participación no concurso da Deputación “Premio escolar Francisco Tettamancy”.

Destacado escritor e historiador galego do século XIX. Moi vencellado a Carral porque vivía por tempadas nunha parroquia do Concello, Sergude, e porque historiou os acontecementos de 1846. Creamos un brainbox sobre o autor co alumnado de 3º da ESO. Ofrecemos unha das tarxetas e as instrucións do xogo que enviamos ao proxecto do centro para o concurso convocado pola Deputación da Coruña.



Instruccions do xogo



Exemplo de cartón do xogo

Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas

ACTIVIDADE 4 – DAS NOSAS LETRAS

4.1 Colaboracións co Concello polos XXV anos do premio de poesía.

Lectura de poemas na rúa de Carral dedicada a Rosalía de Castro

O alumnado de 3º da ESO, participou lendo varios poemas na Rúa dedicada a Rosalía de Castro. Estivo, ademais, presente Xosé Luis Axeitos en representación da Fundación Rosalía.

Carralengalego - SEMANA DE ROSALÍA + ENTROIDO (google.com)



X.L. Axeitos dando un discurso na Rúa Rosalía de Castro de Carral

Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas

ACTIVIDADE 4 – DAS NOSAS LETRAS

4.2 Colaboración co Concello polos XXV anos do premio de poesía e polo Día da Poesía (21 de marzo).

Lectura de poemas na rúa de Carral dedicada a Uxío Novoneyra.

O alumnado de 4º da ESO acudiu á Rúa Uxío Novoneyra, onde nos atopamos co fillo do escritor, que ademais é presidente da Fundación. Alí procedeuse á lectura de poemas do escritor lucense.



Lectura de poemas na Rúa Uxío Novoneyra de Carral

Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas

ACTIVIDADE 4 – DAS NOSAS LETRAS

4.3 Ruta da Esmorga a Ourense con 4º da ESO e visita ao Pazo de Trasalba

O alumnado de 4º da ESO, despois de realizar a lectura da obra de Blanco Amor foi de viaxe á cidade de Ourense para facer a ruta da esmorga. Ademais, visitou a casa do escritor Otero Pedrayo.

4.4 Exposición Letras Galegas / lectura de textos de Florencio Delgado

Para conmemorar a festividade das letras, realizouse unha exposición sobre o escritor no centro, e un recitado de textos do autor.




Ligazón: https://sites.google.com/u/0/d/1RrgAxY1r-5maVa02sbNezh0gWVSn5MBV/p/1-tTrk53RqwJepYPqeVdqR03shZA_nTVr/preview?authuser=0

Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas

ACTIVIDADE 5 – PARTICIPAMOS EN GALEGO

5.1 Co Dpto de E. Física

A colaboración co Departamento de E. Física foi estreita, tanto no Plan Proxecta, como nos 21 días co galego e + ... desde Carral, coa participación de Xandobela e un día dedicado aos xogos tradicionais galegos. Ademais, viñeron ao centro deportistas de xogos con tradición nos países celtas como o fútbol gaélico. Finalmente, promoveuse a participación do alumnado nun concurso de carteis sobre doazón e transplantes de órganos.



5.2 Con AAEE, Semana dos cogomelos

Exposición sobre os cogomelos de Galicia e de viñetas de Davila sobre este produto.




Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas

ACTIVIDADE 5 – PARTICIPAMOS EN GALEGO

5.3 Con Xeografía e Historia: Museo de Arte Contemporánea de Carral

Revivimos a volta ao mundo clásico co traballo feito polo alumnado de 1º da ESO: maquetas, textos e códigos QR para explicaren esta exposición.



5.4 Co Concello de Carral: V edición do Concurso de Poesía Xuvenil

Presentáronse máis de 30 alumnos e alumnas de 2º, 3º e 4º da ESO.

Foron recoller os premios nunha actividade organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Carral, asistindo a un espectáculo poético teatral, protagonizado polo dúo Aldaolado.

Imaxe do concerto de Aldaolado, onde se entregaron os premios do V Concurso de Poesía Xuvenil do Concello de Carral.



Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas

ACTIVIDADE 6- CLUBS DE LECTURA

6.1 Dous Clubs de lectura de alumnos e un de adultos

Dous clubs de alumnado de 2º e 3º da ESO e un club de adultos que funcionaron ao longo do curso. Reuníanse como mínimo un luns cada mes.



Membros do Club comentando O pacto do letargo, de Miguelanxo Prado

6.2 Obradoiros de poesía – Dores Tembrás

A gañadora dunha das edicións do Premio de poesía do Concello de Carral asistiu ao noso centro impartir varios obradoiros de poesía que buscaban a participación do alumnado no Concurso de Poesía Xuvenil




Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas

ACTIVIDADE 6- CLUBS DE LECTURA

6.3 Visita de Emma Pedreira / Eduardo Estévez

Visita de escritores/as gañadores de premios de poesía do Concello de Carral. Emma Pedreira e Eduardo Estévez faláronlles aos alumnos da súa condición de poetas, leron textos seus e conversaron sobre literatura.



Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas

ACTIVIDADE 7 – CLUB DE LINGUA

7.1 A tertulia

Tertulia en galego arredor de temas de actualidade. Un luns de cada mes, 10 rapaces e rapazas de 4º da ESO.

7.2. Organización de actividades

A rapazada do Club da lingua organizou algunhas das actividades realizadas no noso centro: Candeloria, Entroido...



Imaxe da presentación e organización do entroido rosaliano.

Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas

ACTIVIDADE 8 - A Ciencia en galego

8.1 Colaboración coa Asociación Río Brexa Custodia do territorio

Asociación de Carral que se preocupa polo medio ambiente e por recuperar terreos e manter a fauna e flora dos mesmos. Fixemos 2 intervencións con eles en colaboración co Departamento de Bioloxía: plantación de cerdeiras e coñecemento dos ecosistemas na zona da Brexa.



Alumnado nas marxes do Río Brexa

8.2 Exposición “As mulleres que nos levaron á Lúa” da Universidade de Vigo

Exposición da Universidade de Vigo que estivo no noso centro e arredor da que fixemos un concurso co alumnado.



Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas


ACTIVIDADE 9- 21 DÍAS CO GALEGO E MÁIS DESDE CARRAL

O curso anterior participamos na sección oficial dos “21 días co galego e máis”. Debido a que o alumnado quería volver repetir a iniciativa, decidimos facelo en colaboración co concello de Carral e os dous colexios de primaria de Carral. Foron numerosas as iniciativas que se poden ver no noso Site´. A seguir imos destacar algunhas delas.

Ligazón: <https://sites.google.com/u/0/d/1RrgAxY1r-5maVa02sbNezh0gWVSn5MBV/p/10rkZ3FwR3qCN-yYfQYxOFAKibcXJ0v05/preview?authuser=0>

9.1 Planificación, programa...

Programa dos 21 días, concurso de carteis, xogos nos recreos (tanto os xogos como a súa realización, fixéronos os nosos alumnos), retos da fin de semana e vídeos que fomos colgando para traballarmos nas aulas (Arnela, Susana Seivane, Iván Ares, Ith...). O alumnado tiña un folleto que debía ir selando a medida que participaba.



Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas


ACTIVIDADE 9- 21 DÍAS CO GALEGO E MÁIS DESDE CARRAL

9.2 Flashmop Terra co Departamento de Música

Ensaio co Departamento de Música dun flashmop coa canción Terra das Tanxugueiras todos os recreos para facelo na Festa final o venres 8 no Campo da feira do Concello.

9.3 21 propostas en galego da biblioteca – blog Pasando Páxina

Elaboradas polo equipo de biblioteca, mostran multitude de recursos para que aproveite toda a comunidade educativa.



Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas

ACTIVIDADE 9- 21 DÍAS CO GALEGO E MÁIS DESDE CARRAL

9.4 Festa final no centro

Xogos tradicionais con Xandobela, visualización da serie online Amnesia 3.0 e coloquio coa súa directora e unha das súas actrices que é alumna do noso centro.



FESTA FINAL

DÍA: VENRES 8

XOGOS TRADICIONAIS CON XANDOBELA

OS XOGOS TRADICIONAIS SON DIVERTIDOS, FAVORECEN AS RELACIÓNS SOCIAIS E SON UN ELLO DE UNIÓN DOS SABERES QUE NOS DEIXARON AS XERACIÓNS ANTERIORES.

9:25/10:15 (3º/4º ESO) NO PATIO

10:15/11:05 (1º/2º ESO) NO PATIO

CONCURSO DE TRIPLAS

- Inscribíevose na actividade: individual
- Organiza o Departamento de Educación Física
- Narrada polos mellores locutores deportivos do centro

11:35/12:00 (TODA ESO NO PATIO)

AMNESIA: FICCIÓN ONLINE EN GALEGO

- Unha serie online en galego
- Hoxe vai presentar a segunda temporada
- Poden recibir como invitada a trama
- Unha das actrices e unha alumna do noso centro
- A que parece ciencia ficción?

12:00/13:20 (TODA ESO NAS SUAS CLASES)

BAILE COLECTIVO: TERRA

- Liderado polas rapazas de 2º de ESO
- Ensaio para o Campo da Feira pola tarde
- Se non sabes, faremos varios ensaios para que aprendas

13:20/14:00 (TODA ESO NO PATIO)

E Á TARDE SEGUIMOS...

- Campo da Feira:
- 19:30 Baile Terra por todos os que queiran participar
- 20:00 Homenaxe a Xosé Zapata
- 21:00 Concerto de ITH

21 DÍAS CO GALEGO E MÁIS... DESDE CARRAL

9.5 Festa final no Campo da Feira do concello co alumnado dos CEIPs Vicente Otero Valcárcel e o CEIP de Tabeaio.

Homenaxe a Xosé Zapata, gañador dun Goya e visionado da súa filmografía.

Flashmop da canción Terra de Tanxugueiras.

Concerto do grupo Ith



Homenaxe a XOSÉ ZAPATA
Premio Goya 2022

Coa proxección das curtametraxes O COXO

MÁRTIRES
THE MONKEY
(premio Goya 2022 á mellor curta de animación)

VENRES 8 DE ABRIL - 20:00 H.
Campo da Feira

ITH
Concerto de ITH
Frear o momento

Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas

ACTIVIDADE 10 – CONCURSO DE CALENDARIO “EN GALEGO TODOS OS DÍAS”

Máis unha vez, volve o concurso do noso clásico calendario de peto, para lembrarnos que podemos usar o galego todos os días



Calendario gañador do Concurso

ACTIVIDADE 11 – AUDITORÍA LINGÜÍSTICA

Revisamos os obxectivos e propostas que tiñamos no inicio do curso e o seu grao de cumprimento. Xa van indicadas noutros apartados desta memoria.

Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas

CADRO-RESUMO DAS ACTIVIDADES - RESALTADAS COA FRECHA VERMELLA AQUELAS PARA AS QUE SE EMPREGOU A SUBVENCIÓN DA SXPL.

TEMPORIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen un custo económico)	IMPORTE DO GASTO	MATERIAL EMPREGADO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
Todo o curso	1. Biblioteca de teatro	300	Libros comprados pola Biblioteca
Outubro	1.2 Ciclo teatro outono Concello Carral	0	Difusión do Ciclo no centro educativo
Febreiro	1.3 Producións Dispersas: Rosalía	0	Contratados polo Concello de Carral
Outubro	2.1 Celebración do Samain	50	Carteis, premios da cafetería
Novembro	2.2. Concurso de fotos de outono	30	Carteis, premios da cafetería

CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

TEMPORIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen un custo económico)	IMPORTE DO GASTO	MATERIAL EMPREGADO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
Novembro	2.3 Di non á Violencia de Xénero	100	TICs, carteis, premios na cafetería para a clase gañadora
Febreiro	2.4 A Candeloria	60	Carteis, premios da cafetería
Febreiro	2.5 Entroido rosaliano	150	Carteis, premios
Todo o curso	2.6 Co cine galego	0	Visita de Xosé Zapata (pagada polo Concello)
Abril	3.1 Intercambio co IES de Cacheiras	175	Autobús a Cacheiras (pagado polo Concello). Gasto aproximado

CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

TEMPORIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen un custo económico)	IMPORTE DO GASTO	MATERIAL EMPREGADO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
Abril-Maio	3.2. Concurso Francisco Tettamancy	50	Impresión copias color
Febreiro	4.1 Día de Rosalía	0	Fotocopias
Marzo	4.2 Día da Poesía: Uxío Novoneyra	0	Fotocopias e libros agasallo do concello
Marzo	4.3 Ruta da Esmorga	451	Autobús a Ourense
Maio	4.4 Exposición Letras Galegas	0	Material facilitado pola Xunta

CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

TEMPORIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen un custo económico)	IMPORTE DO GASTO	MATERIAL EMPREGADO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
Todo o curso	5.1 Co Departamento de E. Física	275	Xogos populares Xandobela 
Outono	5.2 Semana dos Cogomelos	50	Copias en color e plastificado
Todo o curso	5.3. Museo de Arte Contemporánea	50	Cartón, copias, pegamento...
3º trimestre	5.4. Concurso de Poesía Xuvenil	0	Concerto de AldaoLado e premios pagados polo Concello
Todo o curso	6.1 Clubs de lectura	900	Compra de material de biblioteca, premios, carteis...

Memoria gráfica e descritiva das actividades realizadas

CADRO-RESUMO DAS ACTIVIDADES - RESALTADAS COA FRECHA VERMELLA AQUELAS PARA AS QUE SE EMPREGOU A SUBVENCIÓN DA SXPL.

CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

TEMPORIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen un custo económico)	IMPORTE DO GASTO	MATERIAL EMPREGADO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
MARZO	6.2 OBRADOIROS DE POESÍA D. TEMBRÁS	0	PAGADOS POLO CONCELLO
ABRIL	6.3 EMMA PEDREIRA / E. ESTÉVEZ	0	PAGADOS POLO CONCELLO
TODO O CURSO	7.1 TERTULIA CLUB LINGUA	50	GASTOS EN CAFETERÍA
TODO O CURSO	7.2. EVENTOS CLUB LINGUA	100	GASTOS MATERIAL DECORACIÓN
FEBREIRO	8.1 PLANTAR CERDEIRAS RÍO BREXA	0	PAGADO POLA ASOCIACIÓN RÍO BREXA

CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

TEMPORIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen un custo económico)	IMPORTE DO GASTO	MATERIAL EMPREGADO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
MARZO	8.2. EXPOSICIÓN MULLERES LÚA	100	TRANSPORTE DA EXPOSICIÓN
2º TRIMESTRE	9.1 21 DÍAS PLANIFICACIÓN	150	PROGRAMAS, CARTELERÍA, ADHESIVOS...
2º TRIMESTRE	9.2. 21 DÍAS FLASHMOP	0	MATERIAL PARA O BAILE
2º TRIMESTRE	9.3 21 DÍAS BIBLIOTECA	0	TICS
ABRIL	9.4 FESTA FINAL	200	EXHIBICIÓN AMNESIA E RELATORIO DA DIRECTORA

CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

TEMPORIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen un custo económico)	IMPORTE DO GASTO	MATERIAL EMPREGADO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
ABRIL	9.5 21 DÍAS FESTA FINAL	0	CONCERTO ITH PAGADO POLO CONCELLO
XANEIRO	10 CONCURSO CALENDARIO	185	IMPRESIÓN DE CALENDARIOS
XUÑO	11 AUDITORÍA LINGÜÍSTICA	0	TICS

SUBVENCIÓN DA SXPL AO IES DE CARRAL: 480 EUROS

ACTIVIDADES AOS QUE SE DESTINARON:

XOGOS POPULARES XANDOBELA: 275 €

PROXECCIÓN DE AMNESIA: 200 €

IMPRESIÓN DE CALENDARIOS DE PETO: 185 €

Propostas de mellora para proxectos futuros

Proposta 1

- De cara ao vindeiro curso coidamos preciso revisar o Proxecto Lingüístico coa entrada en vigor da nova lei e os axustes a realizar.

Proposta 2

- Coidamos preciso introducir unha táboa de indicadores para ver en que grao se cumpriron os obxectivos que nos marcábamos a principios de curso.

Proposta 3

A COORDINADORA DO EDLG

MARÍA REGUEIRO

- Como última proposta, probablemente sexa necesario darle maiores responsabilidades e autonomía ao alumnado membro do EDLG para que propoña e realice actividades que o alumnado poida sentir como propias e produzan un maior achegamento á lingua da nosa rapazada.

P-K-
A COORDINADORA DO EDLG

MARÍA REGUEIRO GENDE

VISTO E PRACE

O DIRECTOR

ANXO GÓMEZ SÁNCHEZ